

Sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local do 1 de marzo de 2018

CONCELLEIROS/AS ASISTENTES:

José Luis Sampedro Bouzas.

José Pedro Cambón Fernández.

Francisco Javier Blanco Sánchez.

Non asiste:

Yolanda Bouzas Alfonsín.

Na Alcaldía da Casa do Concello de Brión, ás 13.00 horas do 1 de marzo de 2018, reuníronse en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as membros da Xunta de Goberno Local deste concello que se relacionan, para celebraren sesión extraordinaria.

Preside o señor alcalde José Luis García García e asiste como secretario Javier Nieves González, secretario do concello.

Ábrese a sesión cos seguintes asuntos:

- 1º.- Acta anterior correspondente ao día 14 de febreiro de 2018.
- 2º.- Comunicaci3ns previas (obras menores).
- 3º.- Licenza de segregaci3n.
- 4º - Licenza de obra maior.
- 5º.- Modificaci3n de licenza de obra maior.
- 6º.- Comunicaci3n previa (apertura).
- 7º.- Prezos p3blicos.
- 8º.- Comunicaci3n previa (actividade).

PRIMEIRO.- ACTA ANTERIOR CORRESPONDENTE AO DÍA 14 DE FEBREIRO DE 2018.

Ac3rdase por unanimidade a aprobaci3n da acta da xunta anterior do d3a 14 de febreiro de 2018.

SEGUNDO.- COMUNICACI3NS PREVIAS (OBRAS MENORES).

a) Deuse conta dunha comunicaci3n previa asinada por XOAN M.CABO P3REZ, con domicilio na Urb. R3o Pego 6, baixo esquerda, Os 3nxeles, na que comunica que vai cambiar as vent3as de aluminio, da vivenda da Urb. R3o Pego 6, baixo esquerda, Os 3nxeles, por outras de PVC. A parcela onde se pretenden executar as obras empr3zase sobre un 3mbito de solo de n3cleo urbano (UC3).

A Xunta de Goberno Local, 3 vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

b) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por EVA MARIA NUÑEZ PERIANES, con domicilio na Urb. Río Pego 7, baixo esquerda, Os Ánxeles, na que comunica que vai arranxar o baño da vivenda da Urb. Río Pego 7, baixo esquerda, Os Ánxeles.

Trátase dunha obra de escasa entidade que non afecta á configuración arquitectónica da envolvente da edificación, nin á estrutura e instalacións.

A parcela onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo urbano (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

c) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por DANIEL PEREIRAS FERREIRO, con domicilio na Rúa Castelao 20, escaleira 3, 4ª, Negreira, na que comunica que vai construír un peche de formigón ata unha altura de 1 metro e postes e arames por encima, na parcela con referencia catastral 6521302NH2462S0001YP, en Vilas, Bastavales.

A parcela onde se pretenden realizar as obras aséntase sobre un ámbito de solo clasificado polo PXOM como solo de núcleo rural da zona leste en área non consolidada pola edificación, séndolle de aplicación a ordenanza nº8 (NRL-2) do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable da arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

- A parte cega do peche quedará revestido e pintado.
- A altura máxima do peche será 1,80 m, medidos desde a rasante natural do terreo.
- A parte do peche que da fronte ao camiño situarase a 5,5 m do eixe do vial.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

d) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Ana Cristina Camiño Villaverde, que di actuar en representación da C.I. URBANIZACION MONTE BALADO, con domicilio na Avd. da Mahía 60, 1ªA, Bertamiráns, Ames, na que comunica que vai substituír a pedra do borde da piscina comunitaria da Urbanización Monte Balado.

Trátase de obras de escasa entidade, destinadas a garantir as condicións de estanquidade, que non afectan á configuración arquitectónica do conxunto, nin á estrutura e instalacións.

A parcela onde se pretenden executar as obras emprázase sobre un ámbito de solo de núcleo urbano (UC3).

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable emitido pola arquitecta municipal, por unanimidade, acorda tomar coñecemento e autorizar as obras solicitadas, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

Neste intre auséntase da sesión o Sr. Alcalde pasando a presidila en substitución do mesmo o 2º Tenente de Alcalde Sr. Cambón Fernández.

TERCEIRO.- LICENZA DE SEGREGACIÓN.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Federico Silva Cobas que di actuar en representación de JOSE BARCA SANMARTIN, con domicilio na Rúa Santiago de Chile 25, 6ºB, Santiago de Compostela, na que solicita licenza de segregación da finca nº 845-a, do plano de concentración parcelaria de San Félix de Brión, segundo proxecto técnico redactado polo enxeñeiro técnico agrícola Pedro María Melero Cao, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Agrícolas (A Coruña - Pontevedra), visado núm. 88/18.

Descrición da parcela matriz:

Finca 845-a do plano xeral de concentración parcelaria de San Félix de Brión.

Referencia catastral nº: 7066202NH2476N0001DT.

Superficie segundo medición recente: 4.572 m²

Clasificación urbanística: solo de núcleo rural (NRL-2), séndolle de aplicación as normas para as áreas non consolidadas pola edificación da zona leste.

Lindes:

Norte: Lidia Pombo Pena e outros (860).

Sur: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria, regato en medio.

Leste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Oeste: Antonio Mourelle Ferreiro (844).

Esta finca está atravesada por un regato en dirección oeste - leste.

Segregación pretendida:

Parcela número 845-a:

Superficie bruta: 1.028 m².

Superficie de cesión (a 5,5 m do eixo do camiño): 223 m².

Superficie neta: 805 m².

Lindes:

Norte: parcela 845-b procedente desta segregación.

Sur: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria, regato en medio.

Leste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.

Oeste: Antonio Mourelle Ferreiro (844).

Parcela número 845-b:

Superficie bruta: 887 m².

Superficie de cesión (a 5,5 m do eixo do camiño): 86 m².

Superficie neta: 801m².

Lindes:

Norte: parcela 845-c procedente desta segregación.
Sur: parcela 845-a procedente desta segregación.
Leste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.
Oeste: Antonio Mourelle Ferreiro (844).
Esta finca está atravesada por un regato en dirección oeste - leste.

Parcela número 845-c:

Superficie bruta: 886 m².
Superficie de cesión (a 5,5 m do eixo do camiño): 85 m².
Superficie neta: 801 m².
Lindes:
Norte: parcela 845-d procedente desta segregación.
Sur: parcela 845-b procedente desta segregación.
Leste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.
Oeste: Antonio Mourelle Ferreiro (844).

Parcela número 845-d:

Superficie bruta: 887 m².
Superficie de cesión (a 5,5 m do eixo do camiño): 87 m².
Superficie neta: 800 m².
Lindes:
Norte: parcela 845-e procedente desta segregación.
Sur: parcela 845-c procedente desta segregación.
Leste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.
Oeste: Antonio Mourelle Ferreiro (844).

Parcela número 845-e:

Superficie bruta: 884 m².
Superficie de cesión (a 5,5 m do eixo do camiño): 83 m².
Superficie neta: 801 m².
Lindes:
Norte: Lidia Pombo Pena e outros (860).
Sur: parcela 845-b procedente desta segregación.
Leste: camiño construído polo servizo de concentración parcelaria.
Oeste: Antonio Mourelle Ferreiro (844).

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade dos tres membros presentes, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo

de terceiros, e aceptar as cesións dos terreos das seguintes superficies: 223 m²; 86 m²; 85 m²; 87 m²;

e 83 m², destinados a viais ao abeiro do disposto no art. 150.5 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

CUARTO.- LICENZA DE OBRA MAIOR

a) Deuse conta dunha instancia presentada por Jorge Nimo Silva, que di actuar en representación de CATALINA VEIGA FERNANDEZ e JULIO RUIZ JIMENEZ YAÑEZ, con domicilio na Rúa Misericordia 48-2ºF, Viveiro, de solicitude de licenza para construír unha vivenda unifamiliar en Guisande 49, Os Ánxeles, segundo proxecto básico e de execución redactado polos arquitectos Jorge Nimo Silva e Carlos Mezquita Fernández, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 05.12.2017 e documentación complementaria presentada no concello o 08/01/2018 (r.e. 201899900000001) e o 20/02/2018 (r.e.201899900000020).

A parcela onde se pretenden executar as obras (referencia catastral 6531404NH2463S0001BR) atópase clasificada como solo de núcleo rural para as áreas non consolidadas pola edificación (NRL-2), séndolle de aplicación a ordenanza nº8 do PXOM.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade dos tres membros presentes, conceder a licenza solicitada, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, coas seguintes condicións:

-. A obra deberá axustarse estritamente ao proxecto básico e de execución, en base ao cal se lle outorga a licenza, redactado polos arquitectos Jorge Nimo Silva e Carlos Mezquita Fernández, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia o 05.12.2017 e documentación complementaria presentada no concello o 08/01/2018 (r.e. 201899900000001) e o 20/02/2018 (r.e.201899900000020).

-. Como garantía da urbanización do espazo de cesión que implica a pavimentación dese espazo e a execución das conexións coas redes de servizo existente no núcleo (abastecemento, saneamento, pluviais e alumeadado público), imponse un aval bancario ou fianza en metálico por importe de 900,00 €, que o interesado deberá presentar no concello con carácter previo á expedición da licenza urbanística.

-. Esta licenza non é válida para a execución dos muros de peche de parcela, co cal, haberá de realizarse unha nova solicitude de licenza a tales efectos.

-. Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancia das súas condicións serán sancionadas por infracción urbanística as persoas físicas ou xurídicas responsables delas en calidade de promotor das obras, propietarios dos terreos ou empresario das obras, e os técnicos redactores do proxecto e directores das obras.

-. Se o director da obra deixa de actuar nela debe poñelo en coñecemento do concello no prazo de tres días, mediante oficio debidamente visado polo colexio oficial. O propietario está obrigado a nomear seguidamente un novo facultativo, comunicándoo por escrito ao concello mediante a

oportuna folia de encargo, tamén visada. De non cumprirse este trámite, a alcaldía ordenará a inmediata suspensión das obras.

-. Será requisito indispensable dispor a pé de obra de copia autorizada da licenza municipal e a colocación dun cartel indicador no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos aos que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

-. Os prazos de iniciación, interrupción máxima e finalización das obras, de acordo co establecido no artigo 145 da Lei 2/2016, do solo de Galicia: seis meses para iniciar, seis meses de interrupción e tres anos para rematar a obra, contados os de inicio e remate desde o día seguinte ao da notificación ao interesado do outorgamento da licenza.

-. Durante a execución da obra adoptaranse todas as medidas de seguridade e saúde laboral establecidas na normativa vixente, tanto respecto á edificación como á vía pública.

-. Os escombros e provisións de materiais non poderán amorearse na vía pública.

-. Dará cumprimento ao artigo 4.c do Real Decreto 105/2008, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, referente ás obrigas do produtor de residuos de construción e demolición: dispoñer da documentación que acredite que os residuos de construción e demolición realmente producidos nas súas obras foron xestionados, no seu caso, na obra ou entregados a unha instalación de valorización ou de eliminación para o seu tratamento por xestor de residuos autorizado.

-. Unha vez rematadas as obras deberá solicitar a correspondente licenza de primeira ocupación da totalidade do edificado (artigo 42.1 da Lei 8/2012 de vivenda de Galicia e artigo 142.2.g) da Lei 2/2016 do solo de Galicia).

Asemade, acórdase tamén por unanimidade, consonte co informe da arquitecta municipal, a aceptación da cesión efectuada de 41,00 m² para ampliación de viais, previstos no artigo 24.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, que se formulou en documento administrativo con data 22 de febreiro de 2018.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

QUINTO.- MODIFICACIÓN DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

a) Deuse conta dunha instancia presentada por RAMON PENIDE BEIS, con domicilio en Chave de Ponte 6, Bastavales, na que solicita modificación da licenza de obra maior concedida na Xunta de Goberno Local o 11/04/2017, para construír unha nave destinada a almacén de madeiras e derivados no lugar de Chave de Ponte, Bastavales, segundo anexo ao proxecto de execución redactado polo enxeñeiro técnico industrial Francisco Ansedes Domínguez, visado no Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais da Coruña o 21/02/2018, visado nº 33718 ST.

Se solicita a modificación da licenza logo da agrupación de novas fincas e pola ampliación da superficie construída, estando as obras rematadas, polo que se trata dunha legalización.

A Xunta de Goberno Local, á vista dos informes favorables emitidos pola arquitecta municipal e polo asesor xurídico urbanístico do concello, acorda por unanimidade dos tres membros

presentes, conceder a licenza para a legalización das obras executadas excedéndose da licenza concedida pola Xunta de Goberno con data 11/04/2017, para a construción dunha nave destinada a almacén de madeiras e derivados, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

SEXTO.- COMUNICACIÓN PREVIA (APERTURA).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por OSCAR RODRIGUEZ LOPEZ, con domicilio en Fraiz nº 33, Vilvestro, Santiago de Compostela, na que comunica o cambio de titularidade da licenza de café - bar - restaurante, situado na Avda. de Santa Minia nº 76, baixo, Brión.

A actividade viña funcionando anteriormente a nome de Víctor Pumarega Mayo, e preténdese poñer a nome de Óscar Rodríguez López

A Xunta de Goberno Local toma coñecemento da comunicación efectuada poñendo a licenza de café - bar - restaurante, situado na Avda. de Santa Minia 76 baixo Brión, a nome de Óscar Rodríguez López, con NIF:44817353-J.

SÉTIMO .- PREZOS PÚBLICOS

7.1. Prezo público: Curso de monitor de comedor e transporte escolar do ano 2018.

Deuse conta dunha proposta de prezo público para a asistencia ao curso de monitor de comedor e transporte escolar do ano 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá, que actúa como Comisión Especial de Contas do concello, en sesión ordinaria do 20/02/2018.

Vistos o informe técnico do 30/01/2018 e o informe de intervención do 30/01/2018.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade dos tres membros presentes, acorda:

1º) Fixar o prezo público pola asistencia ao curso de monitor de comedor e transporte escolar do ano 2018, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público alumno curso.....30,00 €.

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

7.2.- Prezo público: Curso de informática básica para persoas desempregadas do ano 2018.

Deuse conta dunha proposta de prezo público para a asistencia ao curso de informática básica para persoas desempregadas do ano 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá, que actúa como Comisión Especial de Contas do concello, en sesión ordinaria do 20/02/2018.

Vistos o informe técnico do 30/01/2018 e o informe de intervención do 30/01/2018.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade dos tres membros presentes, acorda:

1º) Fixar o prezo público pola asistencia ao curso de informática básica para persoas desempregadas do ano 2018, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público alumno curso.....0,00 €.

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

7.3.- Prezo público: Curso de manexo de carretilla elevadora do ano 2018.

Deuse conta dunha proposta de prezo público para a asistencia ao curso de manexo de carretilla elevadora do ano 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá, que actúa como Comisión Especial de Contas do concello, en sesión ordinaria do 20/02/2018.

Vistos o informe técnico do 30/01/2018 e o informe de intervención do 30/01/2018.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade dos tres membros presentes, acorda:

1º) Fixar o prezo público pola asistencia ao curso de manexo de carretilla elevadora do ano 2018, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público alumno curso.....30,00 €

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

7.4.- Prezo público: Curso de manipulador de produtos fitosanitarios do ano 2018.

Deuse conta dunha proposta de prezo público para a asistencia ao curso de manipulador de produtos fitosanitarios do ano 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de

Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá, que actúa como Comisión Especial de Contas do concello, en sesión ordinaria do 20/02/2018.

Vistos o informe técnico do 30/01/2018 e o informe de intervención do 30/01/2018.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade dos tres membros presentes, acorda:

1º) Fixar o prezo público pola asistencia ao curso de manipulador de produtos fitosanitarios do ano 2018, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público alumno curso.....60,00 €.

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

7.5.- Prezo público: Cursos de manipulador de alimentos do ano 2018.

Deuse conta dunha proposta de prezo público para a asistencia aos cursos de manipulador de alimentos do ano 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá, que actúa como Comisión Especial de Contas do concello, en sesión ordinaria do 20/02/2018.

Vistos o informe técnico do 30/01/2018 e o informe de intervención do 30/01/2018.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade dos tres membros presentes, acorda:

1º) Fixar o prezo público pola asistencia aos cursos de manipulador de alimentos do ano 2018, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público alumno curso.....25,00 €.

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

7.6.- Prezo público: Cursos de competencias Clave Nivel 2 do ano 2018.

Deuse conta dunha proposta de prezo público para a asistencia aos cursos de competencias Clave Nivel 2 do ano 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá, que actúa como Comisión Especial de Contas do concello, en sesión ordinaria do 20/02/2018.

Vistos o informe técnico do 30/01/2018 e o informe de intervención do 30/01/2018.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade dos tres membros presentes, acorda:

1º) Fixar o prezo público pola asistencia aos cursos de competencias nivel 2 do ano 2018, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público alumnos curso.....10,00 €/mes.

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

7.7.- Prezo público: Cursos de lingua galega do ano 2018.

Deuse conta dunha proposta de prezo público para a asistencia aos cursos de lingua galega do ano 2018, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de Administración, Economía, Transparencia e Participación Cidadá, que actúa como Comisión Especial de Contas do concello, en sesión ordinaria do 20/02/2018.

Vistos o informe técnico do 29/01/2018 e o informe de intervención do 29/01/2018.

Visto o disposto na ordenanza fiscal núm. 20 PP, reguladora de prezos públicos pola prestación de servizos culturais, educativos, deportivos e de ocio, a Xunta de Goberno Local, por delegación do Pleno, por unanimidade dos tres membros presentes, acorda:

1º) Fixar o prezo público pola asistencia aos cursos de lingua galega do ano 2018, de acordo coa seguinte tarifa:

- Prezo público alumno curso.....10 €/mes.

2º) Acordar a publicación do prezo mediante anuncio inserto no BOP.

OITAVO .- COMUNICACIÓN PREVIA (ACTIVIDADE).

a) Deuse conta dunha comunicación previa asinada por Carlos Matovelle Gómez, que di actuar en representación da RESIDENCIA SANTA MINIA S.L., con domicilio en Avd. Barcelona 35, entreplanta, Santiago de Compostela, para o funcionamento da actividade de actividade de residencia xeriátrica, na Rúa Tarrío 3, Brión, achegando certificado final de obra do 04/01/2018 do arquitecto José María Ucha Dolz del Castellar, visado no Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia e documentación complementaria visada o 08/01/2018.

A Xunta de Goberno Local visto o informe favorable da arquitecta municipal no que se sinala que consta realizada a visita de verificación e comprobación, toma coñecemento da comunicación



efectuada e autoriza, deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, a apertura do establecemento dedicado a residencia xeriátrica, na Rúa Tarrío 3, Brión.
Xiraranse os tributos establecidos nas vixentes ordenanzas fiscais municipais.

O Sr. Alcalde en funcións declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as 13,15 horas, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal, eu, como secretario, dou fe.

O alcalde
Vº e Prace

O secretario

José Luis García García

Javier Nieves González